

**Andantino, Minuetto e Trio**  
**Marcha fúnebre Op. 3**  
**Sonata n.º 1**

1. Allegro moderato
2. Scherzo capriccioso. Presto assai
3. Andante. Arietta
4. Rondo

[Descanso]

**Tres Marchas**

1. Marcha en do menor n.º 1
2. Moderato Marcha en mi maior n.º 2
3. Maestoso Marcha en re menor n.º 3.  
Quasi allegro

**Sonata n.º 2**

1. Allegro brillante
2. Minuetto. Tempo comodo. Trio
3. Intermezzo cantabile.  
Moderato ma non troppo  
(Romance sans paroles)
4. Finale. Rondo gracioso

**DÚO SCARAMOUCHE**

**Javier Ares Espiño, piano**  
**Jorge Briones Martínez, piano**

\*Entrada libre ata completar cabida.  
Duración aproximada: 70 minutos con descanso

**MARCIAL DEL ADALID**

**Homenaxe no bicentenario  
do seu nacemento**

(A Coruña, 1826—Oleiros, 1881)

Organiza:




Colabora:



**MARCIAL  
DEL ADALID**

Piano a catro mans



**A CULTURA  
É UN DEREITO**

**CICLO DE CONCERTOS**

**Venres, 10 de abril, 20.30 h**

Teatro Jofre, Ferrol

**Luns, 27 de abril, 19.00 h**

Conservatorio Profesional de Música,  
As Pontes de García Rodríguez

**Venres, 12 de xuño, 20.30 h**

Igrexa Santa María de Azogue, Betanzos

**Sábado, 13 de xuño, 20.30 h**

Teatro de Beneficencia, Ortigueira

**Sábado, 27 de xuño, 20.30 h**

Casa da Cultura, Vimianzo



### Javier Ares Espiño

Doutor pola USC e catedrático de piano no Conservatorio Superior de Música da Coruña. Autor de varios libros e artigos nunha liña de investigación sobre o compositor galego-argentino Carlos López García-Picos. Forma parte do Grupo Organistrum da USC, a través do que participou en varios proxectos I+D+i.



### Jorge Briones Martínez

Catedrático de piano acompañante no Conservatorio Superior de Música da Coruña e máster pola UDC. Compatibiliza a súa actividade docente e a xefatura do Departamento de Piano Acompañante cunha relevante actividade interpretativa centrada en música de compositores galegos dos séculos XIX e XX.

A idea de divulgar e aproximar ao público a creación musical dun compositor galego do Romanticismo está presente en todo este proxecto de homenaxe a Marcial del Adalid neste ano no que se celebra o bicentenario do seu nacemento. É por este motivo polo que a Deputación da Coruña organiza un ciclo de concertos no ano 2026 onde se mostra integramente a música para piano a catro mans, unha parte esencial da produción musical do compositor.

#### Vida

O pianista e compositor Marcial del Adalid (A Coruña, 1826—Lóngora, Oleiros, 1881) é un dos creadores máis relevantes da música galega e española do seu tempo. Dende moi novo tivo acceso a unha educación que o levou a completar a súa formación en diversos países europeos.

#### Contexto histórico

O século XIX foi un período convulso a nivel mundial, marcado por revolucións sociais, científicas, loitas de clases e de pobos que deron lugar a unha serie de profundos cambios políticos e económicos que afectaron o conxunto da sociedade. Galicia non foi allea a ese proceso.

#### Obra

A obra de Marcial del Adalid acadou axiña recoñecemento na historia da música galega e española. A crítica contemporánea eloxia o bo gusto, a sensibilidade e o seu refinamento, especialmente no repertorio para piano, acorde co estilo romántico centroeuropeo en auxe xa na época.

Fonte: <https://marcialdeladalid.academia.gal/sobre-o-autor>

